



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 17 DE SETEMBRO DE 2013.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as dez horas e trinta minutos do día dezasete de setembro do ano dous mil trece, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. **Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:**

- **D. Miguel A. Español Otero**
- **D^a. M^a. Montserrat Magallanes Álvarez**
- **D^a. Teresa Vicente Baz**
- **D. Manuel Javier Crespo González**
- **D. Antonio Lomba Baz**

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M^a Carrasco Glez.-Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- ACORDOS

Lese o escrito RE 4.672 de data 29 de agosto de 2013, presentado por D. CELESTINO CADILLA REY, con enderezo na rúa Laxe Grande, nº 1 da Guarda, solicitando que se tomen medidas ante o habitual estacionamento de vehículos no entronque das rúas Domínguez Fontenla e rúa Galicia.

A Xunta de Goberno Local acorda dar orde á Policía Local para que se adopten as medidas oportunas e non se volvan repetir os feitos denunciados.

Dase conta do escrito RE 4.676 de data 29 de agosto de 2013, remitido pola DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, achegando copia da Resolución do director xeral polo que se autoriza á arqueóloga M^a Jesús Iglesias Darriba para a realización do control arqueolóxico das obras de limpeza dos xacementos galaico-romanos do sur da provincia de Pontevedra.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



Lese o escrito RE 4.657 de data 29 de agosto de 2013, presentado por DNA. NÉLIDA RODRÍGUEZ GIRÁLDEZ, en representación de ASAMBLEA COMARCAL CRUZ ROJA BAIXO MIÑO, con enderezo na rúa Agustín Nandín Lomba, nº 1-baixo da Guarda, solicitando autorización para dispoñer dun aula na Escola Obradoiro os días 28 de setembro e 5 de outubro con motivo da realización do curso de primeiros auxilios no deporte.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

Dáse conta das cotas que deben pagar os usuarios do servizo de Axuda a domicilio correspondentes o mes de agosto de 2013 cuido importe total ascende a cantidade de 929,20 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar ditas cotas e dar traslado á tesourería.

Lese o escrito RE 4.736 de data 3 de setembro de 2013, presentado por DNA. ROSA M^a REY GONZÁLEZ, actuando en representación da Asociación de Veciños "O Percamino", e solicitando autorización para un espectáculo pirotécnico que será realizado por Pirotecnia Argimiro Alborés con motivo da celebración das Festas na honra á Virxe das Mercedes na Gándara os días 21, 22 e 24 de setembro de 2013.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar dito espectáculo sen perxuízo doutras autorizacións pertinentes.

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de AGOSTO DE 2013 que ascenden á cantidade de 1.420,96 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro.

Vista a Orde do 16 de marzo de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro dos plans estratéxicos zonais aprobados pola Consellería do Mar aos grupos de acción costeira e se procede a súa convocatoria, a Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo, acorda



CONCELLO
A GUARDA

(PONTEVEDRA)



acollese a dita Orde, solicitar axuda para o proxecto "**EMPREAMAR: O MEDIO MARIÑO COMO RECURSO PARA O EMPRENDEMENTO**" e conceder autorización para facer dita solicitude ó Sr. Alcalde do Concello."

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello da Guarda de data 4 de setembro de 2013, comunicando a sentenza ditada o 2 de setembro de 2013 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 425/12 entablado por D. Eulogio P. Abeleira Cabaleiro contra o acordo da Xunta de Goberno Local de A Guarda de 23 de outubro de 2012 que acordou rechazar a petición formulada polo recurrente mediante escritos de datas 25 de xuño e 24 de setembro de 2012 por falta de lexitimación activa por exercicio abusivo da acción pública resultado que tales denuncias se referían ás obras que realizaba D. Basilio Vicente Santiago no número 87 da rúa Galicia.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido da sentenza e acorda entablar recurso de apelación.

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello da Guarda de data 4 de setembro de 2013, comunicando o decreto ditado pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o 2 de setembro de 2013, no recurso de apelación nº 4131/13 interposto polo Concello da Guarda contra o auto ditado o 3 de decembro de 2012 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra na peza separada de execución de sentenza nº 35/08 dimanante dos autos do recurso contencioso-administrativo nº 106/02 entablado pola Xunta de Galicia contra o decreto 258/02 do Alcalde da Guarda e contra o acordo da Comisión de Goberno da Guarda polo que se concedeu licenza de obras para unha vivenda unifamiliar a D. Enrique Núñez González. Dito Decreto aproba a tasación de costas a pagar polo Concello da Guarda e o particular recurrente.


A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido do auto de 2 de setembro de 2013 que se comunica, e acorda dar traslado ao departamento de Intervención e Tesourería para que realicen o pago de 275 euros á Xunta de Galicia na conta que se indica, se ben deben facer as xestións oportunas ante a Sala do Tribunal para obter os díxitos completos de dita conta.

Neste momento abandona a sesión o Sr. Español Otero.



CONCELLO
A GUARDA

(PONTEVEDRA)



PUNTO 2.- OBRAS MENORES

Asiste o funcionario do Concello D. Jose M^a Álvarez Álvarez

A Xunta de Goberno Local, tralo informe do técnico municipal, co orzamento fixado por este e conforme ó que xa foron ingresados nas arcas do Concello os correspondentes impostos e taxas locais, pola unanimidade dos presentes, e sen prexuízo de terceiros, acordou acceder á realización da obra que se sinala, non podendo iniciarse as obras ata que o técnico municipal as inspeccione previamente, debendo avisa-lo solicitante ó Concello con antelación suficiente.

A D^a. CARMEN ROMERO VICENTE, R.E. N^o. 4.268 DE DATA 2 DE AGOSTO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE 1^o TRV. NETOS N^o. 18 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA REPARAR A CUBERTA DO CABANÓN NUNHA SUPERFICIE DE 54,00 M². CONSISTENTE EN SUBSTITUIR OS ENTRAMADOS DE MADEIRA E TELLA POR PLANCHAS DE FIBROCEMENTO E TELLA DO PAIS SOBRE ESTRUCTURA DE MADEIRA EXISTENTE CON REMATE DE VEIRADOS E CUMIOS, SITO NA RÚA DE 1^o TRV. NETOS N^o. 18, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CIVIDÁNS" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA N^o. 7 DO P.X.O.U.).

A BERTOKIN, S.L., R.E. N^o. 3.995 DE DATA 17 DE XULLO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE COUSELO N^o. 29 DE O ROSAL-C.P. 36770, PARA PECHE DE FINCA CONTRA LINDEIRO LATERAL NUNHA LONXITUDE DE 37,00 MTS., CONSISTENTE NUNHA CIMENTACIÓN E MURETE DE FORMIGÓN DE 0,50 MTS. DE ALTO ATA COMPLETAR A ALTURA DE 1,80 MTS. REALIZADO CON REDE METÁLICA, SITA NA RÚA DE REGUDINS (PARCELA N^o. 29 DO POLÍGONO N^o. 7), EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "A GÁNDARA" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA N^o. 9 DO P.X.O.U.).

A DIAZ VILLANUEVA CONSTRUCCIONES E INVERSIONES, S.L., R.E. N^o. 4.523 DE DATA 16 DE AGOSTO DE 2013, E CON DOMICILIO NA AVDA. DE GARCIA BARBÓN N^o. 30-5^o (OFICIÑA 2) DE VIGO-C.P. 36201, PARA OBRAS NA VIVENDA SITA NA RÚA DE BRASIL (P.E.R.I. IV).

- RETIRADA DE TELLAS, TRABES E MADEIRA DE TODO-LOS SAÍNTES DA CUBERTA DA VIVENDA, AMONTOADAS NO INTERIOR DA VIVENDA XUNTO CO RESTO DO TELLADO AFUNDIDO.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



- **COLOCACIÓN DUNHA REDE CUBRINDO TODO O CONTORNO DA CUBERTA SUXEITA AS PAREDES DA VIVENDA PARA EVITAR A SAÍDA DE CALQUERA MATERIAL DO INTERIOR.**
- **DESBROCE, LIMPEZA E RETIRADA DE TODA A MALEZA SITUADA NA ZONA DO GARAXE.**
- **TAPIADO DAS VENTÁS EXISTENTES DA VIVENDA.**

A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A., R.E. Nº. 3.932 DE DTA 11 DE XULLO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE TRAVESIA DE VIGO Nº. 204 DE VIGO-C.P. 36207, PARA CANALIZACIÓN SUBTERRÁNEA NUNHA LONXITUDE DE 42,00 MTS. LINEAIS PARA SUMINISTRO ELÉCTRICO EN BAIXA TENSIÓN DE 7,36 KW. A VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE IRMÁNS NOIA XIL, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 4 DO P.X.O.U.). OBRA: P.S. SANTA TECLA (CACHIÑOS) Nº. SGD: 248107070288.

A CONSTRUCCIONES JOSÉ Y MANUEL, S.L., R.E. Nº. 3.757 DE DATA 4 DE XULLO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE 1º TRV. BRASIL Nº. 8 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REPARAR A CUBERTA DA EDIFICACIÓN PROPIEDAD DE D. ANTONIO FERREIRA LORENZO NUNHA SUPERFICIE DE 90,00 M². CONSISTENTE EN DESMONTAR A ACTUAL, COLOCACIÓN DE ENTRAMADOS, CHAPAS DE FIBROCEMENTO ATORNILLADAS OS ENTRAMADOS, E CUBERTO CON TELLA CURVA BERMELLA CON REMATE DE CUMIOS E LIMAS, DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE CALVARIO Nº. 54, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

A D^a. MASIEL MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, R.E. Nº. 4.281 DE DATA 5 DE AGOSTO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE 1º TRV. PORTELA-AMÓ Nº. 18 DE A GUARDA-C.P. 36788, PARA CUBRIR CON TELLA A CUBERTA DE URALITA EXISTENTE E PAVIMENTADO DO CHAN MEDIANTE UNHA SOLEIRA DE FORMIGÓN DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE BAIXADA Á ARMONA Nº. 26, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CAMPOSANCOS" (ORDENANZA Nº. 9-B [ÁREA DE TOLERANCIA] DO P.X.O.U.).

A D^a. JOSEFINA COBAL LOMBA, R.E. Nº. 4.892 DE DATA 10 DE SETEMBRO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CASTIÑEIRA Nº. 18 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



SUPERFICIE DE 82,60 M². CONSISTENTE NA RETIRADA DO MATERIAL DE CUBRICIÓN EXISTENTE; COLOCACIÓN DE CHAPAS DE FIBROCEMENTO SUXEITA CON GANCHOS E TELLA DO PAIS, DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE CASTIÑEIRA Nº. 18, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "O CASTRO" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

A D. MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ, R.E. Nº. 4.803 DE DATA 5 DE SETEMBRO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE LAXE GRANDE Nº. 5 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA FORRADO DE PEDRA A FACHADA FRONTAL DO GARAXE SITO NA RÚA DE LAXE GRANDE Nº. 5, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

A D. MANUEL JESÚS VICENTE LOMBA, R.E. Nº. 4.636 DE DATA 27 DE AGOSTO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE GALICIA Nº. 56-4º C DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REPARAR A CUBERTA DA VIVENDA UNIFAMILIAR NUNHA SUPERFICIE DE 70,00 M². CONSISTENTE NA RETIRADA DA TELLA EXISTENTE CON APROVEITAMENTO DAS TELLAS EN BO ESTADO E REPOSICIÓN CON TELLA NOVA A QUE FALTA, SITA NA RÚA DE 1º TRANSVERSAL NETOS Nº. 21, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CIVIDÁNS" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

PUNTO 3.- CAMBIO TITULARIDADE LICENCIA DE OBRAS

Pasase a dar conta da solicitude presentada por D^a. ANA KARINA COBALLES TRIGO E D. JOSÉ ANTONIO GOMEZ DE SANTIAGO (RE 4.344 de 06/08/2013) con domicilio na Rúa Galicia, nº 56-3ºE da Guarda, no que solicita cambio de titularidade de licencia de obras nº 43/2011 (parcela 1) para construción de vivenda unifamiliar que figuraba a nome de IGNACIO E JOSE LIMA, S.L., xuntado escritura de compra. A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

PUNTO 4.- COMUNICACIÓN DE CESE TÉCNICO DE DIRECTOR DE OBRAS



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



Dase conta do escrito RE 4.781 de data 4 de setembro de 2013, remitido polo COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA, comunicando o cese do arquitecto D. José Manuel Quinteiro Crespo como director da obras de construción de edificio para garaxe, local comercial e 11 vivendas e edificio para 2 vivendas sitos na prolongación da rúa Manuel Alvarez e A Cal.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Dase conta do escrito RE 4.851 de data 6 de setembro de 2013, remitido polo COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA, comunicando o cese do arquitecto D. José Manuel Quinteiro Crespo como director da obras de demolición de edificio sito na prolongación da rúa Manuel Alvarez e A Cal.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

PUNTO 5.- PROXECTO DE EXECUCIÓN

Lese o escrito RE 4.692 de data 30 de agosto de 2013, presentado por D^a. JOSEFINA BAZ VERDE, con enderezo a efectos de notificacións na rúa Fernández Albor, nº 19-1º da Guarda, solicitando a aprobación do proxecto de execución para as obras de consolidación e substitución de cuberta en edificación auxiliar de cabanón sito na rúa de Fernandez Albor, nº 19 que conta con licenzia municipal de obras nº 73/2013.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do arquitecto municipal de data 4 de setembro de 2013, acorda acceder ó solicitado.

PUNTO 6.- OBRAS MAIORES

A Xunta de Goberno Local, tralo informe do arquitecto técnico do Concello, acorda acceder ó solicitado polas persoas que se citan, tendo que cumpri-lo interesado as seguintes condicións:

1.- De conformidade co disposto no decreto 311/93, a vivenda terá que obter deste Concello, trala visita e informe técnico para o respecto, A LICENCIA DE 1ª OCUPACIÓN, requisito indispensable para ocupa-la vivenda; trámite este que se producirá con independencia da presente licenzia, e que terá que ser solicitada ó Concello por vía de instancia oficial, facendo constar que a inexistencia da licenzia de 1ª ocupación non permitirá a conexión ós servizos de auga, luz, etc., tendo que



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



ser solicitados os citados servizos a través da correspondente instancia ó Concello, e unha vez obtida a licenza de 1ª ocupación.

2.- O titular da presente licenza de obras terá que colocar a pé de obra un cartel indicativo da mesma, de 1,20 x 0,85 mts, co núm. de licenza, data do seu outorgamento, redactor do proxecto e aparelador, así como nome e apelidos do propietario e mailo contratista da obra.

3.- A presente licenza caducará:

- Se transcorresen seis meses sen que as obras fosen iniciadas.

- Se as mesmas non se rematasen no prazo de 3 anos.

Ámbolos dous prazos contaránse a partir do día seguinte á notificación da presente licenza.

4.- Acórdase a aprobación provisional do Imposto de Construcións e Obras e Taxa de Licenza de Obras, segundo a autoliquidación practicada, podendo ser a mesma revisada polo Concello.

5.- As obras teránse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (Condicións das obras en relación coas vías e servizos públicos) e 2.5.14 (valado das obras) recollidas no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

6.- As obras autorizadas só poderán ser realizadas por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

7.- Unha vez iniciadas obras e inmediatamente despois do enrase e formigonado da cimentación, polo propietario ou no seu caso polo contratista, solicitarase do concello a presenza do técnico municipal, para revisa-lo axeitado das obras á licenza concedida, o que se volverá a realizar unha vez executada a cubrición.

8.- A licenza outórgase sen prexuízo de terceiros.

A D^a. CELIA LOMBA GONZÁLEZ, R.E. Nº. 1.868 DE DATA 10 DE ABRIL DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE OLIVA Nº. 62-2º DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA "AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR" DESARROLLADA EN (PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA), SITA NA RÚA DE COSTA DOS SOLDADOS, S/N., EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "BAIXADA Á PRAIA DO MUIÑO" DA PARROQUIA DE CAMPOSANCOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

A D. MANUEL ÁLVAREZ ÁLVAREZ, R.E. Nº. 3.362 DE DATA 20 DE XUÑO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE AVENUE DE VAUDAGNE, 4 CH-1217 MEYRIN-VILLAGE DE GINEBRA (SUIZA), PARA CONSTRUCIÓN DE "VIVENDA UNIFAMILIAR" DESARROLLADA EN (PLANTA BAIXA), SITA NA RÚA DE XUNQUEIRIÑAS, S/N., EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



RURAL DE "A GÁNDARA" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9-B [ÁREA DE TOLERANCIA] DO P.X.O.U.).

A INVERSIONES Y PROMOCIONES IGLESIAS, S.L. RPRS. POR D. JOSÉ IGLESIAS ACEVEDO, R.E. Nº. 2.942 DE DATA 4 DE XUÑO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE ROCHA Nº. 11 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA CONSTRUCCIÓN DE "VIVENDA UNIFAMILIAR" DESARROLLADA EN (PLANTA BAIXA, PLANTA PRIMEIRA, PLANTA SEGUNDA E PLANTA DE BAIXO CUBERTA), SITA NA RÚA DE 2º TRV. MALTESES Nº. 2, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 5 DO P.X.O.U.) "EDIFICACIÓN EN ZONAS DO NÚCLEO ANTIGO".

PUNTO 7.- LICENCIA DE APERTURA

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servizos Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licenza municipal promovida por D^a. VANESA DOMINGUEZ DA CUÑA (RE 224 de 15/01/2013) para a apertura dun local dedicado á actividade de SALÓNS E INSTITUTO DE BELEZA (EPIG. 972.2) situado na rúa José M^a Sesto, nº 6-baixo.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a D^a. VANESA DOMINGUEZ DA CUÑA licenza municipal nº 20/2013 para a apertura dun local dedicado á actividade de SALÓNS E INSTITUTO DE BELEZA (Epiq. 972.2) situado na rúa José M^a Sesto, nº 6-baixo.

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servizos Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licenza municipal promovida por D^a. M^a LUISA GONZÁLEZ GONZÁLEZ (RE 3.909 de 10/07/2013) para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO MENOR DE XELADOS (EPIG. 644.4) situado na Estación Marítima do Pasaxe-Camposancos.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a D^a. M^a LUISA GONZÁLEZ GONZÁLEZ licenza municipal nº 21/2013 para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO MENOR DE XELADOS (Epíg. 644.4) situado na Estación Marítima do Pasaxe - Camposancos.

8.- CAMBIO DE NOME COMERCIAL DE LICENCIA DE APERTURA

Lese o escrito RE 4.963 de data 13 de setembro de 2013, presentado por DNA. M^a DEL CARMEN REGUEIRO ALVAREZ, con enderezo na rúa da Cal, nº 7-2^ªA da Guarda, comunicando o cambio de nome comercial do establecemento Frutas Confianza pasando a denominarse Frutas Carmiña.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Sendo as doce horas e trinta minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.